



Instrucción sobre o recoñecemento de créditos por estudios universitarios oficiais en titulacións da UDC adscritas a ámbito de coñecemento

Preámbulo	1
Artigo 1. Obxectivo	2
Artigo 2. Grao de orixe adscrito a ámbito de coñecemento	2
Artigo 3. Grao de orixe non adscrito a ámbito de coñecemento	3
Artigo 4. Máster de orixe adscrito ou non a ámbito de coñecemento	3
Artigo 5. Estudos de orixe de Arquitectura, Arquitectura Técnica, Diplomatura, Enxeñaría, Enxeñaría Técnica e Licenciatura	3
Artigo 6. Procedemento	3
Artigo 7. Vixencia das táboas anteriores	4
Disposición final. Entrada en vigor	4
ANEXO I. Procedemento de consulta do ámbito de coñecemento dos títulos de grao	5
ANEXO II. Modelo de resolución de recoñecemento de créditos por estudios universitarios oficiais	8

Preámbulo

O *Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade* establece, no seu artigo 3.3, a obriga de que todos os títulos oficiais de grao e máster universitario sexan adscrito a algúns dos ámbitos de coñecemento que se recollen no Anexo I da dita norma.

A mesma norma establece, no seu artigo 10.9, que os créditos de formación básica superados nun título deben ser recoñecidos en calquera outro título adscrito ao mesmo ámbito de coñecemento.

O recoñecemento e transferencia de créditos na Universidade da Coruña está regulado por unha normativa que non está adaptada áinda ás previsions do *Real decreto 822/2021, do 28 de setembro*, no que se refire á toma en consideración do ámbito de coñecemento das titulacións, polo que, en tanto en canto non se aprobe a norma correspondente, resulta necesario habilitar un procedemento que dea resposta á lagoa da normativa interna.

A disposición adicional da *Normativa de recoñecemento e transferencia de créditos para titulacións adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES)*



mediante a que se desenvolve o Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, modificado polo Real decreto 861/2010, do 2 de xullo, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, establece que corresponde ao reitor ou vicerreitor no que delegue o desenvolvimento desta normativa.

Neste sentido, o artigo 12.1.c da *Resolución reitoral do 10/07/2024, pola que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais da Universidade da Coruña e as competencias dos seus órganos directivos*, delega na persoa titular da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización as competencias relativas á planificación e xestión das titulacións oficiais de grao e mestrado.

Artigo 1. Obxectivo

Esta instrución regula o procedemento para a resolución das solicitudes de recoñecemento por estudos universitarios oficiais en títulos oficiais de grao e máster universitario da Universidade da Coruña vinculados a ámbito de coñecemento.

Artigo 2. Grao de orixe adscrito a ámbito de coñecemento

1. No caso de que o título de orixe sexa un grao e a documentación aportada polo solicitante do recoñecemento acredite que está adscrito a un ámbito de coñecemento, comprobarase se o ámbito de coñecemento do título de orixe é o mesmo que o do título de destino.
2. Agás no caso do ámbito interdisciplinar, se o ámbito de coñecemento do título de orixe é o mesmo que o do título de destino:
 - a) Todos os créditos de formación básica superados no título de orixe serán recoñecidos no título de destino, de acordo coas seguintes regras:
 - O recoñecemento producirase en materias de formación básica, obligatorias ou optativas do título de destino, atendendo a criterios de coherencia académica e formativa entre os coñecementos, as competencias e habilidades que definen as materias de orixe e de destino.
 - Os créditos de formación básica de orixe que non poidan ser recoñecidos por materias concretas do título de destino serán recoñecidos por créditos optativos sen adscrición a materias concretas.
 - b) Os créditos obligatorios e optativos do título de orixe poderán ser recoñecidos por créditos correspondentes a materias de formación básica, obligatorias ou optativas atendendo a criterios de coherencia académica e formativa entre os coñecementos, as competencias e habilidades que definen as materias de orixe e de destino.
3. Se o ámbito de coñecemento do título de orixe e do título de destino é interdisciplinar, así como cando o ámbito de coñecemento de ambos títulos non sexa o mesmo, serán obxecto de recoñecemento os créditos que se determinen atendendo a criterios de coherencia académica e formativa entre os coñecementos, as competencias e habilidades que definen as materias de orixe e de destino.



Artigo 3. Grao de orixe non adscrito a ámbito de coñecemento

1. No caso de que o título de orixe sexa un grao e a documentación aportada pola persoa solicitante do recoñecemento non acredite que está adscrito a un ámbito de coñecemento, a Administración/UXAI comprobará na páxina web do *Registro de Universidades, Centros y Títulos* -seguindo o procedemento que se recolle no Anexo I desta Instrucción- se o dito título de orixe figura adscrito a algúns ámbitos de coñecemento.
2. Se a comprobación anterior da por resultado que o título de orixe está adscrito a un único ámbito de coñecemento, aplicaranse as prescricións recollidas nos apartados 2 e 3 do artigo anterior, segundo o caso.
3. Se a comprobación anterior da por resultado que o título de orixe non está adscrito a ningún ámbito de coñecemento, aplicaranse as prescricións recollidas no apartado 3 do artigo anterior.

Artigo 4. Máster de orixe adscrito ou non a ámbito de coñecemento

Con independencia de que o título de orixe estea adscrito ou non a un único ámbito de coñecemento, actuarase segundo o recollido no apartado 3 do artigo 2 desta instrución.

Artigo 5. Estudos de orixe de Arquitectura, Arquitectura Técnica, Diplomatura, Enxeñaría, Enxeñaría Técnica e Licenciatura

Para os títulos da ordenación académica anterior actuarase segundo o recollido no apartado 3 do artigo 2 desta instrución.

Artigo 6. Procedemento

1. O procedemento para o recoñecemento dos créditos afectados por esta instrución será o mesmo que se viña utilizando en cada centro para a aplicación do artigo 3 da Normativa mediante a que se desenvolve o RD 1393/2007, do 29 de outubro, modificado polo RD 861/2010, do 2 de xullo, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.
A resolución emitirase segundo o modelo que figura como ANEXO II.
2. O recoñecemento de materias concretas levará a cualificación que corresponda, de acordo coas seguintes previsións:
 - a) Se a relación orixe-destino é “unha materia-unha materia” ou “unha materia-varias materias”, incluirase a cualificación de destino tal e como figura en orixe.
 - b) Se a relación orixe-destino é “varias materias-unha materia” ou “varias materias-varias materias”, incluirase en destino a cualificación ponderada das materias de orixe.
3. Os recoñecementos optativos sen adscrición a materias concretas non levarán asociada cualificación.



Artigo 7. Vixencia das táboas anteriores

1. Se o título de orixe e o título de destino xa teñen táboa de recoñecemento, manteñanse as correspondencias que xa existan nela, agás nos supostos recollidos no apartado seguinte.
2. Se na táboa de recoñecementos figura unha relación entre materias de formación básica porque a materia de orixe estaba adscrita á mesma rama de coñecemento que o título de destino, pero sen atender a criterios de coherencia académica e formativa entre os coñecementos, ás competencias e habilidades que definen as materias de orixe e de destino, actuarase dalgunha das seguintes maneiras:
 - a) Se os títulos pertencen agora ao mesmo ámbito de coñecemento -agás se é o ámbito interdisciplinario-, a táboa debe ser modificada, eliminando esa relación e utilizando, para determinar o recoñecemento que agora corresponde, o procedemento recollido no apartado 2 do artigo 2 desta instrución.
 - b) Se os títulos pertencen agora ao ámbito interdisciplinario, a distinto ámbito de coñecemento ou o título de orixe non ten ámbito, a táboa debe ser modificada, eliminando esa relación e utilizando, para determinar o recoñecemento que agora corresponde, o procedemento recollido no apartado 3 do artigo 2 desta instrución.
3. As táboas xa existentes poden ser modificadas por adición de novos recoñecementos por tratarse de materias que anteriormente non foran obxecto de solicitude.

Disposición final. Entrada en vigor

Esta normativa entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC.

O vicerreitor de Titulacións e Internacionalización
Moisés Canle López



ANEXO I. Procedemento de consulta do ámbito de coñecemento dos títulos de grao

Para a consulta do ámbito de coñecemento ao que está adscrito o título de grao de orixe deberán seguirse estes pasos:

1. Acceder á páxina web <https://www.educacion.gob.es/ruct/home>.
2. Pulsar na icona “Sección títulos”:

Registro de Universidades, Centros y Títulos (RUCT)

> Creado mediante RD 1509/2008, de 12 de setiembre

El RUCT ha sido creado para proporcionar la información más relevante sobre las universidades, centros y los títulos que conforman el sistema universitario español, en el que constan inscritos los nuevos títulos de Grado, Máster y Doctorado oficiales. Además, el RUCT tiene carácter público y de registro administrativo, y ha sido concebido como un instrumento en continua actualización.

Sección universidades	Sección centros	Sección títulos
-----------------------	-----------------	-----------------

3. Seleccionar a Universidade de orixe, indicar unha parte característica do nome do título de orixe e seleccionar o nivel dos estudos de orixe:

Consulta de títulos

Contacte Inicio Volver

Código del título :

Universidad: 1

Denominación del título: 2

Nivel académico: 3

Rama:

Ámbito:

Estado:

Búsqueda por histórico:

4

4. Pulsar no nome do título que se obtén como resultado da consulta:

Estudios

Contacte Inicio Volver

Un registro encontrado.

Código	Titulo	Universidad	Nivel académico	Estado	
2501134	Graduado o Graduada en Derecho por la Universidad Autónoma de Madrid	Universidad Autónoma de Madrid	Grado - RD 822/2021 (2)	Publicado en B.O.E. (TITULACIÓN RENOVADA)	

Opciones de exportación: Excel



5. Pulsar na lapela “Descripción”:

Graduado o Graduada en Derecho por la Universidad de Cádiz

[Contacte](#) [Inicio](#) [Volver](#)

Descripción	Fechas y Enlaces a BOE	Centros en los que se imparte
Histórico		

6. Comprobar se existe a información sobre o ámbito:

Descripción

Código del título:	2501134
Nivel académico:	Grado - RD 822/2021 (2)
Nivel MECES:	2
Rama:	Ciencias Sociales y Jurídicas
Ámbito:	Derecho y especialidades jurídicas
Vinculado con profesión regulada:	Sí
Profesión regulada:	Abogacía y Procura
Resolución:	Reúne las competencias iurídicas del realamento de la



ANEXO II. Modelo de resolución de recoñecemento de créditos por estudios universitarios oficiais

Persoa interesada:

Procedemento: recoñecemento de créditos por estudos universitarios oficiais nas titulacións de grao e máster universitario

Data de inicio:

Antecedentes

1. O día D./D.^a presenta unha solicitude de recoñecemento dos créditos/materias superados na titulación de da Universidade polos créditos correspondentes na titulación de da UDC.
2. A administración do centro/UXAI examina o seu expediente e comproba que a persoa interesada xustifica documentalmente que superou os devanditos créditos/materias mediante unha certificación académica persoal ou oficial.
3. O/a alumno/a consultou na Sección de Bolsas da Universidade da Coruña os efectos que a solicitude de recoñecementos pode ter en relación coa súa solicitude de bolsa. [Só en caso de alumno bolseiro]

Consideracións legais e técnicas

1. Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento da súa calidade:
 Artigo 10 Disposición adicional primeira
2. Normativa de recoñecemento e transferencia de créditos para titulacións adaptadas ao espazo europeo de educación superior (EEES) mediante a que se desenvolve o RD 1393/2007, do 29 de outubro, modificado polo RD 861/2010, do 2 de xullo, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.
3. Instrucción da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización sobre o recoñecemento de créditos en titulacións adscritas a ámbito de coñecemento.
4. O recoñecemento de créditos solicitáse:
 - a. Por materias concretas da titulación de destino, atendendo a criterios de coherencia académica e formativa entre os coñecementos, as competencias e habilidades que definen as materias de orixe e de destino.
 - b. Por créditos optativos non adscritos a materias concretas, cando o título de orixe pertence ao mesmo ámbito de coñecemento que o de destino -agás o ámbito interdisciplinar- e existen créditos de formación básica que non se puideron recoñecer polo apartado "a".
5. Visto:
 - O informe vinculante da xunta de centro ou da comisión delegada desta, aprobado na súa sesión do día



- O informe da comisión responsable da selección na súa sesión do día
 - A táboa de recoñecementos existente entre a titulación de orixe e a de destino, no seu caso.
6. Artigo 4 do Decreto da Xunta de Galicia polo que se fixan os prezos públicos pola prestación dos servizos académicos e administrativos nas universidades públicas do Sistema universitario de Galicia para o curso 2025/26, no que se establece o importe a cobrar polos recoñecementos de créditos. *[Só no caso de resolución que estime todos ou algún dos recoñecementos solicitados]*
7. O/a decano/a ou director/a do centro é competente para resolver a solicitude, de acordo co previsto no apartado 6 do artigo 3 da Normativa de recoñecemento e transferencia de créditos para titulacións adaptadas ao espazo europeo de educación superior e na Instrucción sobre o recoñecemento de créditos en titulacións adscritas a ámbito de coñecemento.

De acordo co indicado, **RESOLVO:** *[Deixar únicamente a/s que corresponda/n]*

Estimar a solicitude de recoñecemento de créditos da titulación de orixe polos correspondentes ás materias da titulación de destino que en cada caso se indican:

- 1) Código-Nome da materia de destino (Tipo-Nº de créditos): Cualificación alfabética (Cualificación numérica).
Por: Nome da/s materia/s de orixe (Tipo-Nº de créditos): Cualificación alfabética (Cualificación numérica).
- 2) ...

Estimar a solicitude de recoñecemento dos créditos de formación básica da titulación de orixe que a continuación se indican por créditos optativos sen adscrición a materias concretas:

- 1) Nome da materia de orixe (Nº de créditos): Cualificación alfabética (Cualificación numérica).
- 2) ...

Desestimar a solicitude de recoñecemento dos créditos da titulación de orixe que a continuación se indican polos correspondentes a materias da titulación de destino:

- 1) Nome da/s materia/s de orixe por Código-Nome da materia de destino: Motivo.
- 2) ...

Desestimar a solicitude de recoñecemento dos créditos de formación básica da titulación de orixe que a continuación se indican por créditos optativos sen



adscrición a materias concretas:

- 1) Nome da materia de orixe: Motivo.
- 2) ...

Informar á persoa interesada: *[Indicar a que proceda e únicamente en caso de resolución parcial ou totalmente estimatoria]*

- 1) De que como resultado do recoñecemento xerouse unha débeda por un importe de euros, polo que estes recoñecementos non serán efectivos ata o seu abono.

A persoa interesada ten un prazo de 10 días naturais a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación para poñerse en contacto coa Administración/UXAI do seu Centro e solicitar a emisión do correspondente documento de pago. Unha vez emitido, dispón dun prazo de 10 días naturais para pagar.

Transcorrido calquera dos prazos recollidos no parágrafo anterior sen que a persoa interesada leve a cabo as accións que lle corresponden, esta resolución quedará sen efectos, podendo solicitarse de novo os recoñecementos en calquera curso posterior.

- 2) De que como resultado do recoñecemento xerouse un saldo ao seu favor por un importe de ... euros, que poderán ser:
 - a) Utilizados para cubrir o pago dos recoñecementos e dos posibles importes pendentes da matrícula, no seu caso.
 - b) Devoltos mediante transferencia bancaria.

Para que os recoñecementos teñan efectos deberá escoller algunha destas opcións, para o que dispón dun prazo de 10 días naturais, a contar dende o día seguinte á notificación desta resolución, para comunicar á Administración/UXAI do seu Centro a súa decisión. Se transcorrido o dito prazo non se produce a dita comunicación, aplicarase a opción a), momento a partir do cal os recoñecementos terán efectos, e o importe sobrante, no seu caso, quedará á súa disposición para solicitar o reintegro durante un prazo de 4 anos, tras o que prescribirá o seu dereito a devolución.

- 3) De que o resultado económico do recoñecemento é de 0,00 euros, polo que inmediatamente será efectivo no seu expediente.

Contra esta resolución, segundo o que dispoñen os artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderá interpoñer un recurso de alzada ante o reitor no prazo dun mes, que contará a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, ou calquera outro recurso que se considere oportuno.

..... , de de

A persoa titular do decanato/dirección